

Ola rapaces! Aquí tedes as tarefas correspondentes a semana do 10 ó 15 de maio. Non esquezas enviarmas por whatsapp ou ó meu correo electrónico:

beacolecodeseda@gmail.com


TAREFAS EN LINGUA GALEGA

- Le o texto varias veces para comprendelo ben e busca no dicionario o significado das palabras que non entendas.

ADAPTACIÓN : "O LABREGO E O DIAÑO".

Érase una vez un labrego famoso no seu lugar por ser un mozo moi listo.

Tan astuto era que un día conseguiu burlar a un diaño. Contan por aí que un día, mentres estaba labrando a terra, o mozo atopou a un diaño sentado enriba dunhas brasas.



- Que fas aí? Acaso estás descansando sobre o lume?- preguntou con curiosidade.
- Non exactamente- respondeu o diaño. -En realidade debaixo de esta fogueira escondín un gran tesouro. Teño un cofre cheo de xoias e pedras fermosas e non quero que ninguén as descubra.
- Un tesouro?- o labrego abriu os ollos coma pratos- Entón é meu, porque esta terra pertéceme e, todo o que hai aquí, é da miña propiedade.

O pequeno demo quedou pasmado ante a soltura daquel mozo. Non se deixaba asustar nin sequera por un diaño! Como sabía, que no fondo, o rapaz tiña razón propúxolle un acordo.

- Será teu o tesouro, pero ca condición de que me des a metade da colleita durante dous anos. Onde vivo non existen nin hortalizas nin verduras e a verdade e que estou desexando dar-me un bo festín delas porque me encantan.

O mozo, que a intelixente non lle ganaba ninguén, aceptou o trato pero puxo unha condición.

- Paréceme ben, pero para que logo non haxa liortas_ ti quedarás co que medre na terra cara arriba e eu co que medre cara abaixo.



O diaño aceptou e firmaron un acordo dándose as mans. Despois cada un foise polo seu camiño. O labrego plantou remolachas, que como todos sabemos, é unha raíz, e cando chegou o momento da colleita apareceu o diaño por alí.

- Veño a buscar a miña parte- díxolle o mozo, que recollía centos de remolachas da terra.

- Síntoo, pero non podo darche nada! Quedamos en que levarías o medrase por riba da terra e este ano soamente plantei remolacha, que coma ti xa sabes, nacen e medran cara abaixo, no interior da terra.

O diaño enfadouse e quixo cambiar as condición do acordo.

- Está ben!- gruñiu- A próxima vez será ó revés: Serás ti o que quede co que medre enriba da terra e eu co que medre debaixo.

Dito isto marchou protestando.

Pasado un tempo o labrego regresou a tarefa de sementar e esta vez cambiou as remolachas por trigo. Meses despois, chegou a hora de recoller o gran das douradas espigas. Cando apareceu o diaño disposto a levarse o seu, viu que o labrego lla había dado con queixo outra vez.



- Onde está a miña parte da colleita?
- Esta vez plantei trigo, así que todo será para min. Como podes ver o trigo medra cara arriba, así que vaite de aquí que non penso darte nada.

O diaño entrou en cólera e patexou no chan votando escuma pola boca, pero tivo que cumprir ca súa palabra porque un trato é un trato e xamais se poden romper.

Marchou de alí maldicindo e o intelixente labrego, morto de risa, foi na busca do tesouro.

Irmáns Grimm

- Copia tres adxectivos cualificativos , que atopes no texto, sobre o labrego.
- Este texto é... ?(Copia a opción correcta).

Unha lenda.

Unha fábula.

Un poema

Un conto.

Un cómic.

Unha novela.

Un artigo.

Un relato bíblico.

- Nesta historia o labrego planta unha raíz comestible, a remolacha, e un cereal, o trigo. Indica o nome de: (non podes escribir a remolacha nin o trigo)
 - Dúas raíces comestibles:
 - Dous talos comestibles:
 - Dúas follas comestibles:
 - Dous froitos comestibles:
 - Dúas sementes comestibles:
- Completa, cas seguintes palabras, o proceso da fotosíntese.

talo - talo- sales minerais- raíz- osíxeno- dióxido de carbono- luz solar

A planta, a través da....., colle auga e do chan (isto chámase zume bruto)

O zume bruto sobe poloata as follas e alí toman do aire un gas , o

Este gas mestúrase ca auga e cas sales minerais (zume bruto) e coa axuda da..... o transforma no alimento da planta (zume elaborado).

Neste proceso a planta expulsa.....

O zume elaborado repártese por toda a planta a través do (vasos liberianos).

➤ Relaciona cada parte da planta cas súas funcións.

Raíz	Fixan a planta ó chan. Producen o alimento.
Talo	A través delas a planta respira. Mantén a planta dereita.
Follas	Absorben as sustancias minerais. Transporta o alimento por toda a planta.
Flores	Contén as sementes.
Froito	Permiten que a planta se reproduza.

➤ O labrego é un traballador do...?

sector primario sector secundario sector terciario

Por que? (A que se dedica este sector).

➤ Nomea tres ferramentas sinxelas que o labrego empregue nas súas tarefas e dúas máquinas.

➤ Nomea catro actividades que debe realizar o labrego para cultivar a terra.

➤ Poderías indicarme se o trigo e a remolacha son materias primas ou productos elaborados ? Por que?

EXERCICIO EN CASTELÁN

➤ Lee el siguiente acertijo matemático: «El diablo y el campesino» e intenta resolverlo y luego dime cómo te fue.

Se encuentra un campesino caminando por la orilla de un río, quejándose de lo pobre que es, asegurando que daría lo que fuera si alguien le ayuda. De repente aparece el mismísimo diablo y le plantea un desafío, justamente, para hacer que su dinero se multiplique.

El diablo le dice que, para duplicar su dinero, simplemente debe cruzar un puente que atraviesa el arroyo. Cada vez que pase, el dinero que lleve el campesino se duplicará (**es decir que se multiplicará por dos**) Puede hacerlo en cualquier dirección, pasar una y otra vez, las veces que quiera, pero con una condición: **cada vez que pase, luego de comprobar que su dinero se haya duplicado, tiene que tirar al río 24 euros.**

El campesino rápidamente acepta el trato.

Va, cruza el arroyo por **primera vez** y al llegar al otro lado comprueba que el dinero que llevaba en su bolsillo se había duplicado. Cumple con la condición del trato y tira al río 24 euros.

Por **segunda vez** cruza el río, y al llegar al otro lado comprueba que su dinero se había multiplicado. Fiel a su palabra con el diablo, respeta el trato y vuelve a tirar 24 euros al río.

Por **tercera vez**, va el campesino y cruza el río. Cuenta su dinero y ve que, nuevamente, este se había duplicado. Toma 24 euros y los tira al río, pero se da cuenta de que esos eran sus últimos 24 euros.

El campesino se había quedado sin dinero, entonces...

➤ Copia y contesta:

¿Cuánto dinero tenía al principio el campesino?

24 euros

9 euros

21 euros

30 euros

Razona tu respuesta y realiza las cuentas que demuestren la respuesta correcta. Si no te sale no te preocupes, la próxima semana colgaré la respuesta correcta.

PRECIXAMOS A TÚA AXUDA PARA CELEBRAR O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

REALIZA A ACTIVIDADE PROPOSTA POLO ENDL (Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística): [LETRAS GALEGAS NA CASA... EN NO MUNDO!](#)
(Tes a actividades na páxina, pica na imaxe da planta para ver as instrucións)

XOVES, 14 DE MAIO

As tarefas semanais de **MÚSICA** e **ED. FÍSICA**, están colgadas na páxina do centro nos apartados correspondentes a estas materias.

NON ESQUEZAS ENVIAR AS TAREFAS ÁS PROFES NOS PRAZOS INDICADOS

VENRES, 15 DE MAIO

As tarefas semanais de **PLÁSTICA** e **INGLÉS**, están colgadas na páxina do centro nos apartados correspondentes a estas materias.

NON ESQUEZAS ENVIAR AS TAREFAS Á PROFE NOS PRAZOS INDICADOS